



AVISO

O Concello do Pereiro de Aguiar publicou no BOP do 11 de outubro de 2023 as bases reguladoras de axudas á natalidade ou adopción co Tarxeta “Benvido ao Pereiro” para ano 2023.

Prazo de presentación

As solicitudes para nenos/as nacidos/as nos anos 2021, 2022 e 2023 poderá presentarse ata o día 30 de novembro de 2023.

No caso de que o nacemento ou constitución da adopción ou tutela que motiva a solicitude tivera lugar entre o día 30 de novembro e o día 31 de decembro, o prazo para presentar a solicitude será ata o día 12 de xaneiro do 2024.

Beneficiarios/as

- O/a proxenitor/a dun/dunha menor nacido/a entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2023.
- O/a adoptante dun/dunha menor, sempre que a constitución da adopción teña lugar entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2023.
- O/a titor/a dun/dunha menor, sempre que a constitución da tutela se faga entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2023.

En todos os casos é preciso cumprir as seguintes condicións:

- A persoa solicitante ten que figurar empadroad/a no Concello do Pereiro de Aguiar na data da solicitude da axuda e acreditar unha antigüidade no empadramento no mesmo, polo menos, de 1 ano ininterrompido e inmediatamente anterior á data da presentación da solicitude.
- O/a menor que causa o dereito á axuda ten que constar inscrito/a no Padrón de habitantes do Concello do Pereiro de Aguiar na data de presentación da solicitude.

Tipo de axuda e contía

As persoas que resulten beneficiarias recibirán a súa tarxeta electrónica, tarxeta “Benvido ao Pereiro”, que terá un importe certo de 250,00 € por neno/a.

Documentación a presentar xunto coa solicitude

No caso de que a persoa solicitante tivera sido beneficiaria da tarxeta “CHEGOU” da Deputación de Ourense nos anos 2021, 2022 ou 2023 non terá que achegar a documentación expresada nos puntos a), b), c) e d), podendo substituílos pola autorización ao concello para a consulta deste datos na Deputación de Ourense. O formulario para esta autorización facilitarase polo Concello de Pereiro de Aguiar xunto co formulario de solicitude da axuda.

Se non fora así, deberá presentar os seguintes documentos:

- a) Copia do DNI, ou documento identificativo, só no caso de non autorizar a consulta.
- b) Copia do certificado de empadramento do/a solicitante, só no caso de non autorizar a consulta.
- c) Copia da inscrición de nacemento no Rexistro Civil do Concello do Pereiro de Aguiar, só no caso de non autorizar a consulta.
- d) Copia da resolución xudicial ou administrativa que constituía a adopción ou tutela.

Enlace á convocatoria

<https://bop.depourense.es/portal/descargarPdf.do?numBoletin=235&fecha=20231011>

O alcalde, Luís Menor Pérez.

